

CANTIGAS DE AMIGO. ACTIVIDADES

Actividade 1.

Ai ondas, que eu vin veer,
se me saberedes dizer
por que tarda meu amigo sen min?

Ai ondas, que eu vin mirar,
se me saberedes contar
por que tarda meu amigo sen min?

Martín Codax

1. Le esta cantiga. Analiza a súa métrica e a súa rima e fai a anotación correspondente.

Actividade 2

Ai Deus, se sab' ora meu amigo
com' eu señoira¹ estou en Vigo!
E vou namorada!

sóa

Com' eu en Vigo señoira maño!
e nullas gardas migo non trago!
E vou namorada!

Ai, Deus, se sab' ora meu amado
com' eu en Vigo señoira maño²!
E vou namorada!

quedo

E nullas gardas non hei comigo!
ergas meus ollos que choran migo!
E vou namorada!

Com' eu señoira estou en Vigo,
e nullas³ gardas non hei comigo!
E vou namorada!

ningunha

E nullas gardas migo non trago!
ergas meus ollos que choran ambos!
E vou namorada!

Martín Codax

- 1. Despois de ler a anterior cantiga de Martín Codax, indica cales son os paralelismos, cales o leixaprán e cal o refrán.**
- 2. Quen é a voz poética desta cantiga?**
- 3. Onde se atopa a protagonista?**
- 4. A quen se dirixe?**
- 5. Cal é a razón de que se laie?**
- 6. Cres que é unha cantiga de amigo? Por que?**

Actividade 3

A San Servando, u ora van todas orar,
madre velida, por Deus vin vo-lo rogar
que me leixedes ala ir,
a San Servand', e se o amigo vir,
leda serei, por non mentir.

Pois todas i vam de grado oraçon fazer,
madre velida, por Deus venho-vo-lo dizer,
que me leixedes ala ir,
a San Servand', e se o amigo vir,
leda serei, por non mentir.

Xoán Servando

Pois mi dizen do meu amigo ca i ven,
madre velida e, senhor, faredes ben
que me leixedes ala ir,
a San Servand', e se o amigo vir,
leda serei, por non mentir.

1. Indica con que palabras do texto se fai referencia nesta cantiga de amigo ás

<i>Persoas</i>	<i>Palabras do texto</i>
amigas	
namorado	
nai	

seguintes persoas:

2. Explica cal deles é o interlocutor da moza.

3. Sinala a que subxénero de cantiga de amigo pertence a composición anterior.

Xustifica a resposta con palabras do texto.

4. Indica se se trata dunha cantiga de refrán ou é de mestría. Explica por que e pon exemplos do texto.

5. Realiza un breve resumo escrito da cantiga.

Actividade 4

Le atentamente os seguintes fragmentos de cantigas de amigo.

a)

Por mui fermosa que sanhuda estou,
a meu amigo, que me demandou,
que o foss'eu veer
a la font', u os cervos van beber. [...]

Afeito me ten ja por sandia,
que el non ven, mas envia
que o foss'eu veer
a la font', u os cervos van beber.

Pero Meogo

b)

Fez unha cantiga d'amor
ora meu amigo por mi,
que nunca melhor feita vi.
Mais como x'é mui trobador fez unhas lírias no son
que mi sacan o coraçõn.

c)

Foi-s'ó meu amigo a cas d'el-rei,
e, amigas, con grarid'amor que lh'ei,
quand'el veer ja eu morta serei,
mais non lhi digan que morri assi [...]

Xoán Airas

d)

Deus, que leda que m'esta noite vi,
amiga, en un sonho que sonhei!
Ca sonhava, en como vos direi,
que me dizia meu amig'assi:
—Falade mig', al meu lum'e meu ben!

Xoán Méndez de Briteiros

1. Escribe cal é a temática de cada unha das cantigas anteriores. Xustifica a túa resposta con palabras do texto.

Actividade 5

Eno sagrado, en Vigo,
bailava corpo velido:
amor hei!

En Vigo, no sagrado,
bailava corpo delgado:
amor hei!

Bailava corpo velido,
que nunca houver' amigo
amor hei!

Bailava corpo delgado,
que nunca houver' amado:
amor hei!

Que nunca houver' amigo,
ergás¹ no sagrad', en Vigo: **excepto**
amor hei!

Que nunca houver' amado,
ergás en Vigo, no sagrado:
amor hei!

Martín Codax

1. Por que é unha cantiga de amigo?
2. De que trata a cantiga?
3. Cal é a actitude da protagonista?
4. Que espazo concreto aparece na cantiga?
5. Explica a que variedade da cantiga de amigo pertence.
6. Sinala o paralelismo, o refrán e o leixapré.

Actividade 6

En San Mamed', u¹ sabedes **onde**
 que viste-lo meu amigo,
 hoj' houver' a seer migo²; mia madre, **comigo**
 fe que devedes,
 leixedes-mi-o veer! **deixédesmo**

O que vistes esse dia
 andar por mi mui coitado,
 chegou-m' ora seu mandado⁴; **recado**
 madre, por Santa Maria,
 leixedes-mi-o veer!

Pois el foi d' atal ventura
 que sofreu tan muito mal
 por mi, e ren non lli val,
 mia madre, e por mesura,
 leixedes-mi-o veer!

Eu serei por el coitada,
 pois el por mi coitado;
 se Deus hajades grado⁵, **pola graza de Deus**
 madre ben aventurada,
 leixedes-mi-o veer!

Xoán de Cangas

1. A quen se dirixe a amiga?
2. Que lle solicita?
3. Está de acordo o destinatario co solicitado?
4. Como describe a amiga ao seu amado?
5. Explica a que variedade da cantiga de amigo pertence.
6. Indica cal é o refrán e explica se concreta o significado da cantiga.

Actividade 7

-Ai, flores, ai flores do verde pino,
se sabedes novas do meu amigo!
Ai, Deus, e u é?

Ai, flores, ai flores do verde ramo,
se sabedes novas do meu amado!
Ai, Deus, e u é?

Se sabedes novas do meu amigo,
aquele que mentiu do que pos¹ comigo?
Ai, Deus, e u é?

Se sabedes novas do meu amado,
aquele que mentiu do que mi ha jurado?
Ai, Deus, e u é?

-Vós me preguntades polo voss' amigo,
e eu ben vos digo que é san' e vivo.
Ai, Deus, e u é?

Vós me preguntades polo voss' amado,
e eu ben vos digo que é viv' e sano.
Ai, Deus, e u é?

E eu ben vos digo que é san' e vivo
e seerá vosc'² ant' o prazo saído
Ai, Deus, e u é?

E eu ben vos digo que é viv' e sano
e seerá vosc' ant' o prazo pasado.
Ai, Deus, e u é?

DON DINÍS

1. Que personaxes interveñen nela?
2. Coincide a versión da namorada coa que lle dá o seu interlocutor?
3. Explica a versión de cada un.
4. A cantiga consta de dúas partes temáticas. Comenta o contido de cada unha delas.
5. Explica en que tipo de ambiente se desenvolve.
6. Identifica os seus recursos compositivos.

O anel do meu amigo
perdí-o so-lo¹ verde pino,
e chor' eu, bela!

O anel do meu amado
perdí-o so-lo verde ramo
e chor' eu, bela!

Perdí-o so-lo verde pino;
por én chor' eu, dona virgo²,
e chor' eu, bela!

Perdí-o so-lo verde ramo,
por én chor' eu, dona d' algo,
e chor' eu, bela!

Pero Goncalvez de Portocarreiro

1. Neste texto atopamos un símbolo característico da cantiga de amigo: a doa. De que elemento simbólico se trata?
2. Por que se laia a amiga?
3. Que significado simbólico ten a perda da doa?
4. De que xeito variaríase o argumento de facermos unha lectura literal ou ben unha en clave simbólica?

Actividade 8

Adaptación da fonética árabe ao alfabeto latino	Transcrición da kharja	Tradución
by š mw grgwn de mib y' rb šš m twrnrad tn m'l mdwlyd llh? byb infermu vad kwnd šnrd.	Vaise meu corayon de mib ya rabbi ši še me tornerad tan mal me doled li 'l-habib enfermo yed kuand šanarad.	Vaise o meu corazón de min, Ai, Deus, quen sabe se voltará. E tan grande a miña dor polo amigo. Enfermo está, cando sandará?
amanu ya habibi al-waḥ š nfr'š bwn b'y m' bk'lh w š k t n yr's.	Aman ya habibi al-waḥ ša me no feras. Bon, beja ma bokella: eu se que tu n'iras.	Por favor, meu amigo non me deixes soidade. Femoso, beixa a miña boca: eu sei que non te irás.

1. Despois de ler as *kharja anterior* completa o seguinte cadro.

Tema	Voz poética	Puntos en común coas cantigas de amigo	Diferenzas a respecto das cantigas de amigo

Actividade 9

Sediam'eu na ermida de San Simion,
e cercaronmi as ondas que grandes son.
Eu atendendo meu amig'! E verra?

Estando na ermida ant'o altar,
cercaronmi as ondas grandes do mar.
Eu atendendo meu amig'! E verra?

E cercaronmi as ondas que grandes son;
nen ei i barqueiro nen remador.
Eu atendendo meu amig'! E verra?

E cercaron mi as ondas do alto mar;
non ei i barqueiro nen sei remar.
Eu atendendo meu amig'! E verra?

Non ei i barqueiro nen remador:
morrerei eu, fremosa, no mar maior.
Eu atendendo meu amig'! E verra?

Non ei i barqueiro nen sei remar:
morrerei eu, fremosa, no alto mar.
Eu atendendo meu amig'! E verra?

Meendinho

1. Cal é o esquema métrico?
2. Cales son os principais recursos de estilo empregados?
3. Pode adscribirse a algún subxénero? A máis de un? Xustifica a resposta.
4. Cal é a temática da cantiga?
5. Cales son os personaxes da cantiga.
6. aparece algún símbolo? Que significado ten?